

Foto: Irene da Costa Barreiro

# FEBREIRO 2024

## RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES



CINBIO

# FEBREIRO 2024

## XESTIÓN CINBIO

Seguimos pendentes da resolución das axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, ás que nos presentamos o pasado mes de decembro.



## Equipamentos

### Ultraconxelador común

Adquisición dun ultraconxelador común como conxelador -80 de emerxencia.

### Reforma espazos M2

Obras de reforma dos espazos lóbregos do modulo 2, que serán futuros laboratorios.

### Animalario

Realización das OCAs dos equipos a presión do animalario.

### Cabina bioseguridade

Reparación da cabina de bioseguridade de bacterias.

### Lavado de batas

Posta en marcha do servizo de lavado de batas.

### Sala de servidores

Posta en marcha da sala de servidores para persoal investigador teórico.

## #teamCINBIO

Lembramos que temos a disposición do #teamCINBIO o software de xestión CIENTIFIS, onde podedes actualizar o voso CV, fotografía, contacto, proxectos e información de grupo. Podedes actualizar o voso perfil de forma automática en [cinbio.es](http://cinbio.es)

## Proximamente

### Vitrinas extracción de gases

Adquisición de equipos de protección colectiva para o módulo 4.

### Mobiliario

Dotación de mobiliario para o laboratorio de investigadores teóricos

### Controis de acceso

Instalación de controis de acceso para diferentes laboratorios.

### Centralita de CO2

Instalación de centralita de CO2 semiautomática no Módulo 1.

Ao longo deste mes, investigadoras do CINBIO participaron en diversas actividades divulgativas para conmemorar o 11F, Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia, co fin de visibilizar o papel das científicas e fomentar as vocacións das novas xeracións. [Máis info.](#)



### Charla interxeracional

Nair Varela, investigadora do grupo de Filoxenómica, participou na charla interxeracional organizada pola Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo. [Máis info.](#)



### Desafiando teitos de cristal

María D. Mayán, líder do grupo CellCom, moderou a mesa redonda do evento *Desafiando techos de cristal: mujeres en ciencia, emprendimiento y liderazgo*. [Info.](#)



### Non hai fronteiras

Verónica Salgueiriño, líder do grupo de Nanomateriais Híbridos, visitou ás mulleres do proxecto *Non hai fronteiras*, promovido polo Plan Comunitario de Teis. [Máis info.](#)



### 11F no Concello de Vigo

Nuria Estévez, do grupo de Filoxenómica, impartiu unha charla dentro do acto organizado polo Concello de Vigo no museo Verbum para celebrar o 11F. [Máis info.](#)



### CONÓCELAS 2024

María D. Mayán, Nuria Estévez e Loretta de Chiara, dos grupos CELLCOM e de Filoxenómica, participaron 4ª edición da iniciativa CONÓCELAS de ASEICA. [Máis info.](#)



### Elas Fan CienTec 2024

Alumnas do IES Castela de Vigo visitaron os nosos laboratorios para coñecer o traballo das científicas do #teamCINBIO e participar en Elas Fan CienTec. [Máis info.](#)



### eXXperimenta en Feminino

Investigadoras do grupo de Biomasa e Desenvolvemento Sostible (EQ-2) participaron na VII edición da feira eXXperimenta en Feminino do campus de Ourense. [Máis info.](#)



### Charlas da Iniciativa 11 de Febreiro

No mes de febreiro, varias compañeiras do CINBIO impartiron charlas en centros educativos da nosa contorna dentro da *Iniciativa 11 de Febreiro*, celebrada a nivel nacional para conmemorar o 11F. Nestas fotografías temos os exemplos de Lara Costas, Carla Estévez, Lorena Vázquez e Mª José Cordero, do grupo FunNanoBio, que visitaron os colexios Alborada e María Inmaculada Carmelitas de Vigo.



# FEBREIRO 2024

## #TEAMCINBIO GATHERING

O 15 de febreiro celebramos unha xornada de reunión do #teamCINBIO para analizar e poñer en común os últimos resultados obtidos, as novas incorporacións, así como o cambio nas liñas estratéxicas que marcarán o futuro do CINBIO.

[Máis información.](#)



### Seminario Sarah Jasmin

Sarah Jasmin (Inland Norway University of Applied Sciences) impartiu a charla *Spent mushroom substrate, a world of unexplored potential within biorefinery and biomedical applications*. [Máis info.](#)



### Proxecto ClinIA

Daniel González e Martín Pérez, do grupo SING, crean ClinIA, un modelo de IA aplicado ao procesamento de información clínica, baseado nos modelos de linguaxe LLM e garantindo a privacidade [Máis info.](#)



### Proxecto TwinFLag

O grupo CellCom, liderado pola investigadora María D. Mayán, participa no proxecto europeo Twinflag para o desenvolvemento de novas terapias para enfermidades inflamatorias articulares. [Máis info.](#)



### Seminario María D. Mayán

A investigadora María D. Mayán, líder do grupo CellCom, impartiu a conferencia "Cellular communication via connexin channels and extracellular vesicles in health and disease". [Máis info.](#)



### EMPREGOinCAMPUS

Os días 27 e 28 de febreiro o #teamCINBIO estivo presente na feira EMPREGOinCAMPUS, celebrada no campus de Vigo para a captación de talento entre as novas xeracións. [Máis info.](#)



### CIENTIFIS

Lembramos ao persoal CINBIO que temos a súa disposición o software de xestión CIENTIFIS, onde poden actualizar o seu CV, proxectos e info de grupo, actualizándose de forma automática en cinbio.es



## Formación

### 14 de marzo: Seminario Transferencia da Innovación

Continuamos co programa formativo en Transferencia de resultados de investigación. A cuarta sesión do programa realizarase o 14 de marzo, e busca aproximar ao persoal investigador do CINBIO conceptos clave sobre a innovación aberta, así como temas transversais, como a propiedade intelectual, a comunicación e a colaboración, a cultura organizacional, a ética e a responsabilidade social. Será de 10 a 12 horas na Sala de Seminarios da Torre CACTI. [Formulario de inscrición.](#)

### 19 de marzo: Seminario Waldemar Macedo




O martes 19 de marzo o Dr. Waldemar Macedo (Centro de Desenvolvemento da Tecnologia Nuclear - CDTN; Comissão Nacional de Energia Nuclear - CNEN. Belo Horizonte, MG, Brasil) ofrecerá o seminario *Nanoscience and Nanotechnology at CDTN/CNEN*, dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". Será ás 11:00 horas na Sala de Seminarios da Torre CACTI. [Máis información.](#)

## #teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistras. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo "Coñece ao #teamCINBIO", non dubidades en facérnolo saber.

## Divulgación


### Volve CinVigo. Ciencia na rúa. 20 e 21 de abril de 2024



A fin de semana do 20 e o 21 de abril celebraremos no centro de Vigo a segunda edición do festival científico [CinVigo. Ciencia na rúa.](#)

Nesta ocasión este evento de divulgación científica conta co apoio da *Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT)*.

Ti tamén queres formar parte de CinVigo e achegar a ciencia á cidadanía? [Inscríbete neste formulario.](#)



cinbio.es

